

Texto: **ANTONIO RUBIO**
Ilustracións: **VIOLETA LOPIZ**

Edición rústica. 15x21,5 cm.
92 páxinas. Ilustracións en color
Dispoñible en:


-Castelán: "7 Llaves de cuento"
ISBN 978-84-96388-99-4

Prezo: 14 €

7 LLAVES DE CUENTO

**Mira rimas,
rema y rima,
arma y rima,
aroma cuentos y mira,
¡cuántas rimas!
¡Cuentos-rima!**

**Llueve llaves,
llueve aves,
lleva llaves a las aves,
llaves con ave,
aves con llave...**



Os contos de fórmula son contos populares, xeralmente de animais, breves, lúdicos e moi líricos. Apóianse en estruturas poéticas, exactas e aseguradoras. Aa precisión e fixeza estrutural destes relatos contribúe á organización do pensamento do neno e á exercitación da súa memoria, e todo elo grazas á seguridade que transmite a súa maquinaria poética perfecta. Estes cuentos de fórmula serían cronoloxicamente os que lles suceden aos contos corporais e preceden os primeiros contos de fadas ou maravillosos. Entre os recursos poéticos presentes nestes contos cabe citar: rimas, ecos, retrousos, onomatopexas, diminutivos, anáforas, aliteracións, personificacións, analoxías... Ditos recursos son moi importantes na educación estética e literaria da súa nenez. Así, o libro presenta diversas fórmulas narrativas e exemplos:

- * Verso e retrouso: "El señor don Gato"
- * Enumeración: "La vaca del rey"
- * Encadeados: "La mora"
- * Diálogos: "El sapo y la sapa"
- * Adición e sustración: "Yo tenía diez perritos"
- * Pareados e aleluías: "Vida del Hombre Flaco"
- * Romanciños: "Las tres cautivas"

Como complemento, os contos "De nunca acabar" que, malia non dispór dunha estrutura específica, sérvense de pareados, diálogos, enumeracións e outros recursos ben recoñecibles, graciosos e afamados. E como exemplo: "Érase un rey | que tenía tres hijas, | las metió en tres botijas | y las tapó con pez... | ¿Quieres que te lo cuente otra vez?".

ANTONIO RUBIO (Toledo, 1953)

Poeta e mestre, bibliófilo e amante do alfabeto, como el mesmo se define. É autor da adaptación dos contos titulados "O poliño da abeieira" e "A merliña", e da colección "Do berce á lúa", editados por KALANDRAKA. Compaxina a docencia coa súa afección á literatura. É especialista en animación á lectura. Tamén imparte numerosos cursos e obradoiros a mestres, sobre poesía e literatura infantil.

VIOLETA LOPIZ (Ibiza, 1980)

Estudou na Escola de Arte 10, en Madrid, e colaborou no diario El Mundo. Completou a súa formación nos talleres de Linda Wolfsgruber, Józef Wilko e, sobre todo Javier Zabala. Realizou ilustracións para xornais, revistas, libros de texto e obras autoeditadas. O seu traballo está cheo de referencias e experiencias persoais, dende elementos musicais, ata viaxes.

- **Temática:** manual sobre os contos de fórmula
- **Público recomendado:** mestres, bibliotecarios, pais e nais, animadores á lectura...
- **Aspectos destacables:** tipoloxía dos contos tradicionais, con exemplos de cada xénero

